



Título: Finanzas en 5 minutos

ÁMBITO DE APLICACIÓN DO PROXECTO:

Titulación: Grao en Administración e Dirección de Empresas

Materia: DIRECCION FINANCEIRA II

Curso: 4º. Primeiro cuadrimestre

Coordinadora: Loreto Fernández Fernández, Dep. Economía Financeira e Contabilidade

Obxectivos: Elaborar pílulas formativas sobre conceptos financeiros relativos ao ámbito tanto da dirección financeira da empresa, como dos mercados e institucións financeiras.

DESCRICIÓN DO PROXECTO:

O contexto: O papel da educación financeira na saúde financeira dos cidadáns, no plano persoal e no plano profesional

A educación financeira (EF) ten impacto directo nas decisións financeiras cotiás das persoas, así como nas decisións con efectos a longo prazo. Parece obvio que a falta de coñecementos financeiros básicos pode converterse nun obstáculo significativo na vida das persoas en múltiples escenarios, como:

- Toma de decisións informadas: a EF capacita ás persoas para comprender conceptos como orzamentos, aforro, investimento e débeda, á hora de manexar o seu diñeiro, planificar o seu futuro e evitar decisións impulsivas que poidan ter consecuencias negativas.
- Manexo da débeda: A falta de comprensión dos termos financeiros relacionados coas fontes de financiamento pode levar a situacións críticas a nivel persoal ou familiar, como a acumulación de débedas innecesarias ou á incapacidade para xestionar débedas de maneira efectiva. A EF proporciona as ferramentas necesarias para manexar responsablemente as obrigacións financeiras e evitar caer en situacións de endebedamento problemáticas.

- Planificación do futuro: A planificación financeira a longo prazo, en cuestións como a compra dunha vivenda ou a xubilación, require un entendemento sólido de conceptos financeiros. A EF permite ás persoas establecer metas realistas, crear estratexias de aforro e investimento e construír un futuro financeiro máis seguro.
- Resiliencia Financeira: A EF axuda ás persoas a desenvolver unha maior resiliencia fronte a crises económicas ou emerxencias persoais. Comprender como administrar eficientemente os recursos financeiros en tempos difíciles é crucial para manter a estabilidade.
- Cumprimento normativo e fiscal: A EF proporciona o coñecemento necesario para evitar problemas legais e garantir que as persoas cumpran coas súas responsabilidades tributarias de maneira eficiente.
- Participación activa na economía: A EF capacita aos cidadáns para entender o funcionamento da economía, os mercados financeiros e o impacto das decisións gobernamentais nas súas finanzas persoais, o que fomenta unha participación máis activa e consciente na sociedade.

Con todo, o debate sobre a súa incorporación ao sistema educativo segue aberto por cuestións diversas. O problema de como abordar a súa implementación nos plans de estudo, a formación dos docentes, o impacto real a longo prazo sobre o comportamento financeiro dos individuos, son algunhas razóns que fan que non haxa un consenso na sociedade sobre a incorporación efectiva de coñecementos financeiros nos programas educativos.

No ámbito da educación superior o problema agrávase, xa que exceptuando os plans de estudo propios do ámbito da Economía ou da Administración e Dirección de Empresas, no resto non se inclúen practicamente en ningunha materia, o que supón a irrupción no mercado laboral de egresados sen sequera coñecementos básicos sobre un ámbito ao que se van enfrontar, ademais de na súa vida persoal, na súa vida profesional.

Neste contexto merece especial atención o ámbito do emprendemento. Iniciar un proxecto empresarial non é algo exclusivo dos egresados en Economía ou ADE. A realidade mostra que as ideas empresariais poden xurdir en calquera área de coñecemento, o que converte a todos os egresados universitarios en potenciais promotores de novas empresas, sexa a partir dos coñecementos xerados ou aprendidos na Universidade. Isto convirte á EF nunha formación necesaria e transversal que debería estar presente en todas as titulacións, evitando a perda de oportunidades laborais futuras como pode ser o emprendemento.

Sendo conscientes desta realidade, no curso 2023/24 puxemos en marcha un proxecto de aula co que queremos contribuír á mellora da EF das persoas en xeral, e particularmente da mocidade con iniciativa emprendedora e que requiren unha formación en aspectos financeiros relacionados coa posta en marcha dun negocio.

O proxecto, baixo o título "Finanzas en 5 minutos", forma parte das actividades de avaliación continua da materia Dirección Financeira II, de 4º curso do Grao de ADE. A continuación describíense as súas principais características.

Características do proxecto

Obxectivo:

Elaborar pímulas formativas sobre conceptos do ámbito financeiro recollidos nos contidos da materia, isto é, relacionados coa xestión financeira da empresa, tanto da toma de decisións de inversión como de financiamento. O alumnado convértese en “educador financeiro” a través dun formato novidoso, no que adestran a súa capacidade explicativa, en linguaxe divulgativa, tendo en conta que se dirixen a un público non experto nestes temas; máis particularmente, a outros xóvenes que precisen destes coñecementos para iniciar un proxecto empresarial.

Formato e duración:

A actividade é asíncrona, e foi proposta no mes de setembro, ao finalizar os contidos do primeiro tema da materia, como parte da avaliación continua da materia. Nese momento o alumnado formou os grupos (parellas), e propoñen o termo sobre o que van traballar, que ten que ser validado polo profesor. Para realizar o traballo dispoñen de 2 meses, xa que para o envío dos entregables teñen de prazo ata primeira semana de decembro. Posteriormente, ábrese un período de “concurso”, tal e como se explica máis adiante, polo que o proxecto rematou ao final de xaneiro de 2024. No **ANEXO 1** se presenta a cronoloxía de desenvolvemento do proxecto.

Tarefa:

Cada grupo escolleu un termo, concepto ou tema breve relacionado coas finanzas de empresa, a partir do cal elaboran unha descrición clara e rigorosa do mesmo, incluíndo exemplos de aplicación do termo que axuden a entendelo mellor. Deben ter en conta que a explicación debe ser adaptada a un público sen formación financeira, e polo tanto, debe empregarse unha linguaxe rigorosa, pero ao mesmo tempo ameno e divulgativa. A partir destas premisas, eles teñen absoluta liberdade para escoller o formato da súa presentación, xa que, como se indica posteriormente, un dos criterios da avaliación é a creatividade na elaboración do vídeo e o visual.

Entregables:

- a) **Vídeo:** Elaborarán un vídeo, no que ambos deben intervir, explicando o tema elixido con linguaxe sinxela, ton divulgativo e de forma amena. Poderá editalo, incluír imaxes, música, etc. A duración do vídeo será dun máximo de 5 minutos.
- b) **Visual:** Elaborarán un elemento visual con información sintética do termo que complementa as explicacións orais do vídeo. En canto ao formato, unha soa imaxe, tipo infografía (ver este [artigo](#)), esquema, poster, ou clásico power point (neste caso, admítense até 3 slides).

Competencias a avaliar:

Na elaboración do guión e produción do vídeo trátase de avaliar as seguintes competencias:

- Procura de información, análise e síntese (guión do vídeo)
- Traballo de equipo, creatividade e comunicación oral (produción e edición do vídeo).
- Síntese da información e manexo de programas de deseño de infografías (tipo Canva, Edit, e similares). A modo de exemplo ofrécese o mesmo calendario da actividade nun formato de infografía (**anexo 1**).

No sistema de avaliación, que se indica a continuación, reflíctese que a **avaliación destas competencias transversais supón o 80%** da avaliación deste traballo.

Sistema de avaliación:

Esta actividade tivo un peso do **10% na cualificación final da materia**, e a nota outorgada foi a mesma para os dous integrantes do grupo.

No **ANEXO 2** móstrase a rúbrica empregada na avaliación, que inclúe os seguintes criterios:

- Contido (20%): calidade das explicacións sobre o termo, contexto, estrutura, e exemplos incorporados no mesmo.
- Elaboración e presentación do vídeo (50%): creatividade, linguaxe empregado (ameno e divulgativo) e comunicación oral, e edición do vídeo.
- Elaboración do visual complementario (30%)

RESULTADOS OBTIDOS

Un total de 123 alumnos/as participaron na actividade, o que supuxo un total de 61 termos financeiros (**ANEXO 3**) explicados a través dos dous soportes (vídeo+visual).

A cualificación media dos traballo foi de 7,08 puntos sobre 10.

No **ANEXO 4** recóllese unha mostra do traballo dun grupo nos seus dous soportes entregados, vídeo e visual.

VANTAXES. DIFICULTADES. RECURSOS

Como principal vantaxe deste proxecto destaca a toma de conciencia do alumnado sobre a importancia dos coñecementos da materia máis alá do contexto empresarial que constitúe o campo de estudo da materia. O alumnado reconece a importancia transversal destes coñecementos para a poboación en xeral, para os futuros comportamentos financeiros das persoas, xa que lles permitirá desfrutar dun maior benestar e saúde financeira na súa relación coa toma de decisións financeiras ás que se enfrontarán nalgún momento da súa vida. Así mesmo perciben a importancia dos

coñecementos financeiros para múltiples decisións de calquera ámbito laboral. Isto redunda na motivación do alumnado á hora de afrontar o estudo da materia.

Outra vantaxe é facilitar a avaliación de competencias transversais que representan **habilidades profesionais claves dos futuros profesionais financeiros**, como o traballo en equipo, a síntese da información e a comunicación oral.

Non se apreciaron desvantaxes no desenvolvemento do proxecto, mais alá da dificultade que supuxo a avaliación, xa que a ferramenta empregada debería ter sido simplificada.

Recursos:

- Revisión do artigo [Aprende cómo hacer una infografía en 15 pasos sencillos](#) para comprender la selección de información a incluír, así como elementos visuais que a acompañen.
- Uso de aplicacións como Canva o [edit.org](#) que ofrecen plantillas para a elaboración da infografía.
- [Formulario de entrega do traballo](#)
- [Formulario de votacións aos mellores vídeos](#)
- Páxina do proxecto Educación Financeira no blog da materia:
<https://dirfin2.blogspot.com/p/educacion-financiera.html>)

ANEXO 1. Calendario da actividade



ANEXO 2. Rúbrica de evaluación da actividade

	Indicador	Muy bueno (100% de la puntuación)	Bueno (75% de la puntuación)	Regular (50% de la puntuación)	Malo (25% de la puntuación)	Muy malo (0% de la puntuación)
CONTENIDO (20%)	Texto y estructura (2 PUNTOS)	Cubre el tema en profundidad y lo estructura de forma adecuada, teniendo en cuenta las limitaciones del formato. Se demuestra un conocimiento del tema excelente y capacidad de construir un buen relato sobre el tema según las expectativas planteadas.	Incluye información detallada sobre el tema y una estructura consistente. Se aprecia un trabajo de síntesis y organización de la información relevante.	Incluye información esencial sobre el tema.	El video presenta estructura, pero no se adapta a las condiciones estipuladas y contiene errores puntuales en la información suministrada.	Los errores conceptuales son habituales y/o el video está completamente desestructurado. No se ha hecho un esfuerzo suficiente en la comprensión del tema y la búsqueda de información.
Presentación y elaboración video (50%)	Creatividad (3 PUNTOS)	El video, en su conjunto, demuestra gran originalidad. Incluye ejemplos creativos, ingeniosos y atractivos para una audiencia no especializada. Incluye otro tipo de recursos (música, imágenes, etc).	La mayor parte del video es original. Los ejemplos son creativos, pero no son del todo adecuados para una audiencia no especializada.	El producto demuestra cierta originalidad. Los estudiantes utilizan ideas propias.	Se utilizan ejemplos tradicionales. La originalidad es casi inexistente.	El video es una simple recopilación de información. No se utilizan ejemplos.
	Lenguaje (1 PUNTOS)	El lenguaje es correcto y riguroso y, al mismo tiempo, es lo suficientemente divulgativo y ameno como para adaptarse a un público neófito.	El lenguaje es bastante riguroso, pero no lo suficientemente divulgativo.	El lenguaje es aceptablemente riguroso. El mensaje se comprende de forma adecuada	El lenguaje es mejorable. Expresiones coloquiales y términos inapropiados para un trabajo académico.	El lenguaje es completamente inadecuado.
	Videografía (1 PUNTOS)	El video está bien editado y tiene la duración adecuada (entre los límites establecidos). Los participantes reparten el tiempo entre ambos de forma similar. La calidad del video, el enfoque y el sonido son excelentes en todas sus partes.	El video se adapta, mayoritariamente, a las condiciones técnicas estipuladas (formato, reparto de tiempos...). La calidad del video, del enfoque y del sonido es buena en la mayor parte del mismo.	Se cumplen, al menos parcialmente, algunas de las condiciones estipuladas. La calidad del video es suficiente; sin embargo, presenta algunos fallos en el enfoque o en el sonido.	A lo largo del video se aprecian problemas de calidad que dificultan la comprensión del mensaje.	El video no presenta calidad suficiente y/o no se aprecia ningún tipo de planificación técnica.
Visual (30%)	Material complementario (3 PUNTOS)	El material complementario es relevante y adecuado, de acuerdo con las expectativas indicadas. Se aprecia originalidad y el contenido y estructura realmente contribuyen a facilitar la comprensión del tema.	El material de apoyo es relevante y se adapta al formato.	El material de apoyo es relevante pero no se adapta bien al formato (demasiadas slides, exceso de texto, formato inadecuado...)	El material de apoyo no es relevante. No ayuda/apenas ayuda a comprender el tema.	No se utiliza material de apoyo.

ANEXO 3. Relación de termos financeiros explicados (por orde alfabética)

TÉRMINOS FINANCIEROS	ALUMNADO	
Acciones rescatables	Matovelle Trigo Ana	Losada González-Babé Iria
Accións preferentes	Andión Mosquera, Álvaro	Blanco Uzal, Anxo
Aceleradoras e incubadoras.	Bibián Pascual Nerea	Fernández Martínez Laura
Activos Dixitais (NFTs)	Pichel Cabo, Félix	Rodríguez Gómez, Rubén
Activos secundarios	Piñeiro Soliño, Lucía	Pensado Sineiro, Alejandra
Análisis ESG	Canosa Cores Jorge	Ademi García Diego
Arrendamientos financieros	Outeiriño Abelleira Marta	Muiños Arca Aitor
Aversión al riesgo	Iglesias Sieira, Isaac	Fernández Fernández, Marco Aurelio
Binomio rendimiento-riesgo	Monteagudo Folgar, Cintia	Ramos Da Costa, David
Blockchain	Gómez Vila, Lucas	
BME Growth	Barros Rodríguez Gabriel	Cabezas Arias Luis
Bonos catástrofe	Pérez Rivero, Alba	Montes Botana, Blanca
Bonos convertibles	Barreiro Martínez Adrián	Bernabé Fernández Claudio
Bonos exóticos	Fernández Álvarez Alejandro	Fernández González César
Bonos Sociais	Couto Rieiro Sara	Codesido Garcia Inés
Bonos verdes	Ashour, Sara	Alonso Gómez, Raúl
BOOTSTRAPPING	Rodríguez Seoane Claudia	Tiñanes Vicente Irea
Business Angels	Vilarelle Iglesias Sofia	Pampín Pereiro Marta
CAPM (Mod. valorac. acciones)	Caamaño Peón Jonathan	Cousillas Villar Miguel
Celebrity Bonds	Pombo Franqueira, Alejandro	Puente Pena Adrian
Chief Financial Officer (CFO)	Moares Magariños Alba	Moraña Besada Alba
Coste del préstamo bancario	Vicente Feijóo Paula	Piñeiro Pedreira Óscar
Criptomonedas	Nóvoa Gómez Shella	Nóvoa Álvarez Nerea
Criptomonedas	Castro Deus, Eloy	Cortiñas López, Julio
Crowdequity	Iglesias Aldrey, Alexia	Martínez Noal, Estibaliz
Crowdfunding	Santos Piñeiro Marina	Santamaria Álvarez Irene
Deuda Mezzanine	Silva Vilela Laura	Soneira Pérez Sandra
El apalancamiento financiero	Landeira Noya Anxo	González Antonio Aarón
El Coste de Capital	Rutz Vela, Paola	Yu, Enhui
ETF - Fondos Cotizados	Camino Varela Sofia	Da Silva Pérez Eduardo
Fenómeno Fintech	Sánchez Otero Noelia	Sobradelo Mosquera Paloma
Financiación a corto plazo	Suárez Otero Antón	Gil López Diego
Financiación Serie A	Mata Ponce Iván Mauricio	Gómez Iglesias Víctor
Finanzas Cuantitativas	Villar Magán Javier	Romero Rivas Alejandro
Finanzas Éticas	Fernández Caeiro Laura	García Nieves Joel
Finanzas Inclusivas	Giráldez de Castro Daniel	Iglesias Domínguez Óscar
Finanzas sostenibles	De La Fuente Álvarez, Sara	Rodríguez Albán, Brais
Fondos de Inversión	Lado Caamaño María	González Tojo Eva
Fraude Financiero	Silverio Camino Rita	Vázquez Lema Alba
Función Financiera 4.0	Corrales Pérez Ana Belén	Rodríguez Carballo Carlos Javier
Futuros y opciones	Díaz Enríquez María Carlota	Cutrone López Mary Emilia
Golden Share	González Seráns Nieves	González Padín Natalia
Inflación Subyacente	Miranda Iglesias Manuel	Casal Blanco Diego
Intermediación financiera	Benítez Calvo Hugo	Brokenbrow Longueira Samuel
Intermediarios del mercado bursátil	Dos Santos Vázquez, Lorena	Dosantos Castro, Manuel

ANEXO 4. Exemplo de trabalho

TERMO EXPLICADO:

*¿Qué son as
aceleradoras e as
incubadoras?*

Alumnas: Nerea Bibián Pascual e
Laura Fernández Martínez

